

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 220/2005, do 7 de xullo, polo que se establece o currículo das ensinanzas superiores de arte dramática e se regula a proba de acceso a estes estudos.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, atribúen ás administracións educativas competentes o establecemento do currículo das diferentes ensinanzas, respectando sempre os elementos básicos deste que representan as ensinanzas comúns fixadas polo goberno. Así acontece co Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, polo que se establece o currículo das ensinanzas superiores de arte dramática e se regula a proba de acceso para cursar os ditos estudos, que conducen a unha titulación equivalente, para todos os efectos, á de licenciado universitario e que se organizan en tres especialidades: dirección de escena e dramaturxia, escenografía e interpretación.

Cómpre asegurar unha formación no ámbito das ensinanzas de arte dramática co nivel técnico e artístico propio duns estudos especializados, que teñan como meta o exercicio profesional e que por iso estean destinados a aquel alumnado que posúa aptitudes e vontade para dedicarse a eles. Por iso, necesítase un currículo que non se limite ao dominio puramente práctico das diferentes técnicas e coñecementos académicos vinculados o ensino máis tradicional, senón que inclúa outros aspectos inherentes ao feito teatral como fenómeno tanto histórico-cultural como estético ou psicolóxico e que posibiliten un desenvolvemento máis acorde co carácter humanista que exige a formación integral destas ensinanzas.

Así, o presente decreto regula as ensinanzas superiores de arte dramática, dispoñendo, no seu anexo I, a inclusión e o tratamento das materias e tempos lectivos que se establecían como ensinanzas mínimas no Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, e fixando no anexo II o currículo das ensinanzas superiores de arte dramática para o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Os obxectivos, materias e tempos lectivos que se fixan para cada unha das especialidades e opcións responden á necesidade de ofrecerlle ao alumnado unha formación teórica, técnica e práctica, cunha clara dimensión científica e artística que o capacite para o pleno desenvolvemento das súas capacidades creativas no marco da especialidade cursada e para potenciar a súa transición á vida adulta e activa e a súa plena inserción profesional nos ámbitos da súa competencia. Igualmente, na elaboración do presente decreto, tamén se considera o establecido no Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas artísticas e que no seu título III regula, ade-

mais dos requisitos específicos dos centros superiores de ensinanza de arte dramática, a clasificación das materias en prácticas, teórico-prácticas e técnicas, e a relación numérica profesor/alumno en cada caso.

Por outra parte, o artigo 4 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, dispón que ao establecer o currículo das ensinanzas de arte dramática, as administracións educativas fomentarán a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecerán o traballo en equipo dos profesores e estimularán a actividade investigadora deles a partir da súa práctica docente. En consecuencia, e a partir do currículo que se establece no presente decreto, serán os centros educativos os que deberán elaborar o correspondente proxecto curricular docente, o proxecto curricular de cada especialidade e as programacións de materia e de aula que permitan concretar todas as potencialidades contidas nun currículo aberto e flexible, debendo prestar especial atención á distribución de contidos por cursos, á secuenciación destes e á coordinación entre materias dunha mesma área de coñecemento ou entre as propias áreas de coñecemento entre si. O proxecto curricular de centro convértese así no instrumento desde o cal desenvolver plenamente un currículo que persegue unha formación baseada na excelencia e nas relacións co contorno produtivo e que a través das materias optativas tamén persegue que o alumnado poida configurar un itinerario formativo propio en relación coas súas expectativas e intereses, vinculados tamén a un futuro exercicio profesional e ás demandas do contorno.

Do mesmo xeito, este decreto establece as disposicións referentes á proba de acceso a estas ensinanzas, así como a adxudicación de prazas reguladas con carácter básico no Real decreto 754/1992, do 26 de xuño. As directrices básicas desta proba para cada especialidade permiten valorar os coñecementos e capacidades artísticas necesarias para o correcto desenvolvemento destes estudos, tanto no caso daqueles aspirantes que reúnen os requisitos establecidos no artigo 44.1º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, como para os que non reúnen os ditos requisitos, segundo o disposto no artigo 44.2º desta lei.

En virtude de todo isto, e por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de xullo de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O presente decreto establece o currículo das ensinanzas superiores de arte dramática, segundo o establecido nos artigos 1, 2 e 3 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, polo que se establecen

os aspectos básicos das ensinanzas de arte dramática e se regulan as probas de acceso ás ditas ensinanzas.

2. Este decreto será de aplicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Dos centros superiores de arte dramática e da súa autonomía.

En virtude do disposto na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e na Lei orgánica 10/2003, do 23 de decembro, de calidade da educación e no Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, os centros que impartan ensinanzas superiores de arte dramática disporán da necesaria autonomía pedagóxica e organizativa para desenvolver todas as actividades de docencia, investigación e creación que lles son propias e favorecer a mellora continua da educación e a transición do seu alumnado á vida adulta.

TÍTULO I

Dos estudos superiores de arte dramática

Capítulo I

Dos estudos de arte dramática e das súas especialidades e opcións

Artigo 3º.-Da titulación á que dan lugar e da súa equivalencia.

1. En virtude do establecido no artigo 45.1º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e no artigo 20 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, o alumnado que supere as ensinanzas superiores de arte dramática, terá dereito ao título superior de arte dramática, no que se fará constar a especialidade cursada, e será equivalente, para todos os efectos, ao de licenciado universitario.

2. En virtude do previsto no artigo 45.2º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e na disposición adicional segunda do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, os titulados superiores en arte dramática poderán realizar estudos de terceiro ciclo.

3. Os centros educativos que impartan ensinanzas superiores de arte dramática deberán propoñer, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, convenios coas universidades para a posta en marcha de programas específicos de doutoramento para o seu alumnado e centrados nas artes escénicas.

Artigo 4º.-Das especialidades e opcións formativas.

1. O artigo 6 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, establece a estrutura dos estudos superiores de arte dramática, que constan de catro cursos académicos para cada unha das seguintes especialidades: dirección de escena e dramaturxia, escenografía e interpretación.

2. A especialidade de dirección de escena e dramaturxia consta de dúas especialidades: a opción

de dirección de escena, orientada á formación de directores de escena, e a opción de dramaturxia, orientada á formación de especialistas en dramaturxia e en teoría do feito teatral.

3. A especialidade de escenografía consta dunha única opción, orientada á formación de especialistas en deseño teatral e escénico.

4. A especialidade de interpretación inclúe catro opcións: a primeira está orientada á formación de intérpretes, afondando naqueles ámbitos nos que o textual sexa o soporte do feito interpretativo; a segunda opción está orientada á formación de intérpretes, afondando naqueles ámbitos nos que o corpo sexa o soporte expresivo fundamental; a terceira opción está orientada á formación de intérpretes, afondando nos ámbitos nos que a manipulación de obxectos sexa o soporte expresivo fundamental, e a cuarta opción está orientada á formación de intérpretes, afondando nos ámbitos nos que o canto, a danza e a música sexan os elementos expresivos fundamentais.

Capítulo II

Dos obxectivos das especialidades dos estudos superiores de arte dramática

Artigo 5º.-Dos obxectivos xerais da especialidade de dirección de escena e dramaturxia.

O artigo 7, punto 1º, do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, establece os obxectivos desta especialidade, nas dúas opcións de que consta, que se concretan na consecución das seguintes capacidades terminais:

a) Coñecer os factores sociais, estéticos e literarios que sustentan a historia do feito teatral.

b) Coñecer en profundidade as diferentes escolas e técnicas de dirección escénica.

c) Utilizar con sentido crítico as técnicas de literatura comparada, así como a visualización e análise de diferentes espectáculos.

d) Coñecer e interpretar con sensibilidade estética os diferentes estilos artísticos.

e) Comprender o espazo escénico como un todo onde se articulan os diferentes elementos, tanto técnicos como humanos, do feito teatral.

f) Coñecer as técnicas que interveñen no fenómeno teatral: iluminación, escenografía, vestiario, caracterización, etc.

g) Utilizar as técnicas de interpretación na dirección de actores.

h) Dominar a dramaturxia da proposta teatral.

i) Utilizar as técnicas de análise de texto.

j) Utilizar os coñecementos adquiridos para a creación de textos orixinais e para a realización de versións e adaptacións.

k) Valorar o mundo dos signos que interveñen no feito teatral e a súa importancia na comprensión do texto e o seu desenvolvemento escénico.

l) Demostrar dende a perspectiva do director de escena e do dramaturgo, considerados como creadores autónomos, a capacidade imaxinativa, creativa e reflexiva propias da súa especialidade.

m) Dominar as técnicas, métodos e sistemas que facultan para un rigoroso labor de investigación.

n) Coñecer a produción do espectáculo teatral.

Artigo 6º.-Dos obxectivos xerais da especialidade de escenografía.

O artigo 7, punto 2º, do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, establece os obxectivos desta especialidade e para a única opción de que consta, que se concretan na consecución das seguintes capacidades terminais:

a) Dominar as técnicas espaciais imprescindibles para a realización dun proxecto escenográfico.

b) Coñecer e aplicar o sentido da cor e a forma ao servizo dunha determinada proposta dramática.

c) Dominar as nocións de ritmo, equilibrio, harmonía, movemento e espazo como elementos básicos da creación escenográfica.

d) Dominar as distintas tendencias e escolas escenográficas.

e) Demostrar sensibilidade estética, creatividade e imaxinación desde a consideración do escenógrafo como creador autónomo.

f) Coñecer nos seus aspectos teóricos e prácticos os diferentes elementos que interveñen no espazo escénico: luz, son, vestiario, caracterización, etc.

g) Dominar os diferentes xéneros dramáticos para a súa recreación escenográfica.

h) Coñecer os diversos estilos artísticos, así como as distintas concepcións estéticas.

i) Saber aplicar as modernas técnicas que sosteñen a creación escenográfica: cine, vídeo, deseño por ordenador, etc.

j) Relacionar os factores sociais, estéticos e literarios que sustentan a historia do feito teatral.

k) Valorar a calidade e resistencia dos materiais aplicables ao espazo escénico.

l) Coñecer a produción do espectáculo teatral.

Artigo 7º.-Dos obxectivos xerais da especialidade de interpretación.

O artigo 7, apartado 3º, do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, establece os obxectivos desta especialidade, iguais para as súas catro opcións, que se concretan, nos catro casos, na consecución das seguintes capacidades terminais:

a) Utilizar as diferentes técnicas interpretativas para analizar, crear o personaxe e integralo no espectáculo.

b) Dominar a concentración e a memoria sensorial, así como os reflexos a través de técnicas corporais específicas.

c) Dominar a improvisación como técnica para a creación do personaxe.

d) Aplicar as técnicas que permitan ampliar as posibilidades tímbricas e utilizar unha emisión correcta da voz.

e) Interiorizar o conflito dramático.

f) Dominar os conceptos de ritmo, movemento, harmonía, equilibrio, espazo e tempo, imprescindibles na expresión teatral.

g) Coñecer as técnicas específicas teórico-prácticas que concernen ao teatro poético e en verso.

h) Dominar a dicción e a musicalidade da lingua.

i) Aplicar a imaxinación e a intuición para a creación do personaxe.

j) Dominar as técnicas de autocontrol a través da relaxación.

k) Relacionar os factores sociais, estéticos e literarios que sustentan a historia do feito teatral.

l) Utilizar as diferentes formas de expresión a través do corpo e da voz.

m) Coñecer as diferentes modalidades de interpretación.

n) Coñecer a danza como expresión artística e executar algunha das súas manifestacións.

ñ) Coñecer as técnicas integradas do feito escénico como maquillaxe, iluminación, escenografía, indumentaria, etc.

TÍTULO II

Do currículo dos estudos superiores de arte dramática

Capítulo I

Do currículo e dos seus contidos

Artigo 8º.-Das materias que integran o currículo.

1. As materias que integran as ensinanzas mínimas das diversas especialidades de arte dramática establecidas no anexo único do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, e a súa correspondencia coas materias que se establecen no presente decreto, se recollen no anexo I deste decreto.

2. O anexo II do presente decreto recolle as materias básicas e as materias específicas do currículo dos estudos superiores de arte dramática, os seus contidos básicos, a súa distribución horaria e a súa clasificación en materias prácticas e teórico-prácticas, para os efectos do establecido no Real decreto 389/1992, do 15 de abril.

3. As materias básicas establecidas no presente decreto no anexo II servirán para determinar as especialidades que deberá posuír, en cada caso, o profesorado para o exercicio da docencia.

4. As materias optativas recóllense no anexo III do presente decreto, onde se establece a súa consideración como materias prácticas e teórico-prácticas, para os efectos do establecido no Real decreto 389/1992, do 15 de abril.

5. A adscrición das materias básicas e das materias específicas a que dan lugar, aos departamentos didácticos aparece recollida no anexo IV do presente decreto.

Artigo 9º.-Das materias específicas que integran o currículo e da relación numérica profesor/alumno.

1. As materias específicas que integran o currículo das distintas especialidades e opcións clasifícanse en tres grupos:

a) Materias obrigatorias, que derivan dos contidos mínimos e das materias básicas establecidas polo Real decreto 754/1992, do 26 de xuño. Para os efectos do presente decreto son consideradas como materias propias para cada especialidade e opción e teñen como finalidade a consecución dos obxectivos que se establecen no artigo 7 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, e se recollen nos artigos 5º, 6º e 7º deste decreto.

b) Materias complementarias, establecidas en función das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 3.2º do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño. As materias complementarias son consideradas en función da especificidade de cada especialidade e opción e teñen como finalidade a consecución dos obxectivos que se establecen no artigo 7 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, e recóllense nos artigos 5º, 6º e 7º deste decreto.

c) Materias optativas que se deberán propoñer desde os centros no seu proxecto curricular de centro, para cada proxecto curricular de especialidade, e sempre en función do catálogo que se establece no anexo III deste decreto. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar incluír novas materias no catálogo, en virtude da autonomía pedagóxica e organizativa dos centros educativos, e logo do informe favorable da Inspección provincial que corresponda. As materias optativas buscan ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de completar e complementar a súa formación a través da construción de itinerarios de formación específicos, en función dos seus intereses e expectativas e da orientación que queiran darlle ao seu exercicio profesional futuro.

2. Segundo o establecido no artigo 37 do Real decreto 389/1992, do 15 de abril, que establece os requisitos mínimos dos centros de ensinanzas artísticas, as materias deberán catalogarse como prácticas ou como teórico-prácticas e técnicas. Para as materias prácticas establécese unha relación numérica entre profesor e alumno de 1/12 e para as restantes materias a relación será de 1/24.

3. Nos anexos II e III do presente decreto, establécese a consideración de materias teórico-prácticas ou prácticas das materias específicas de carácter obrigatorio, complementario e optativo.

Capítulo II

Dos procesos de concreción curricular

Artigo 10º.-Do proxecto curricular de centro.

1. Na elaboración do seu proxecto curricular de centro os centros educativos que impartan ensinanzas de arte dramática concretarán e completarán o currículo, establecendo a distribución dos contidos nas diferentes materias específicas e a súa secuenciación, sempre en función das diferentes especialidades e opcións.

2. O proxecto curricular de centro considerará e incluírá, de ser o caso, o proxecto curricular de especialidade para cada unha das especialidades e opcións implantadas.

3. No proxecto educativo de centro e no proxecto curricular de centro tamén se establecerá o marco e os procedementos para lograr a máxima coordinación entre as áreas de coñecemento, tanto no ámbito dun mesmo departamento como desde unha perspectiva interdepartamental.

4. O proxecto curricular de cada especialidade incluírá a coordinación entre as materias específicas e básicas dunha mesma área de coñecemento, así como a interrelación entre as áreas de coñecemento que configuran o currículo de cada especialidade, para garantir a consecución dos obxectivos establecidos nos artigos 5º, 6º e 7º deste decreto.

5. O proxecto curricular dos centros que impartan estudos superiores de arte dramática, a través de cada proxecto curricular de especialidade, incluírá o programa de cada unha das materias específicas, indicando, en cada caso, os seus obxectivos, contidos, secuenciación deles, e criterios de avaliación, así como o programa de contidos mínimos para a superación da materia, que serán coñecidos polo alumnado.

6. Para cada curso escolar, e cunha antelación de cinco días en relación coa data de inicio das actividades lectivas, o profesorado presentará, a través do departamento ao que estean adscritos, a programación das materias específicas, segundo modelo unificado que se incluírá no proxecto curricular de centro. Cada departamento presentará un informe cos criterios de coordinación entre as materias, os criterios de coordinación con outros departamentos e os contidos mínimos de cada materia específica que serán coñecidos polo alumnado.

7. O deseño das programacións de aula e a actividade docente do profesorado e as actividades dos departamentos didácticos regularanse e realizaranse seguindo as directrices do proxecto educativo e do proxecto curricular de centro.

TÍTULO III

Das probas de acceso aos estudos superiores de arte dramática

Capítulo I

Da súa finalidade, dos requisitos dos aspirantes e do proceso de inscrición nelas

Artigo 11º.-Obxecto e convocatoria.

1. As probas de acceso aos estudos superiores de arte dramática teñen como finalidade avaliar os coñecementos, destrezas, capacidades, habilidades, motivación e maduración intelectual dos aspirantes para cursar estes estudos con aproveitamento.

2. As probas de acceso realizaranse nunha única convocatoria anual que terá lugar no mes de xullo, cun calendario que se fará público cunha antelación mínima de trinta días hábiles respecto da súa data de inicio.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria podería convocar, con carácter excepcional, una convocatoria extraordinaria durante o mes de setembro se as prazas ofertadas non fosen cubertas na convocatoria de xullo.

4. A superación das probas de acceso só faculta para realizar a matrícula no curso académico para as que foron convocadas, mais a asignación de prazas dependerá sempre do número de postos escolares que os centros educativos oferten para cada especialidade e opción en cada curso académico.

5. Os aspirantes contarán cun máximo de tres convocatorias para superalas.

Para os efectos do cómputo das tres convocatorias, non se terán en conta aqueles casos en que os aspirantes obteñan unha cualificación igual ou superior a cinco e aos que non se lles asigne praza, por ser menor a oferta que a demanda.

6. Os aspirantes que así o soliciten recibirán unha certificación na que se acreditará a superación das probas, a especialidade á que optaron, e as cualificacións obtidas en cada un dos exercicios.

Artigo 12º.-Requisitos dos aspirantes e xustificación destes.

1. Para realizar as probas de acceso que facultan para cursar estudos superiores de arte dramática, será preciso estar en posesión do título de bacharel ou equivalente para efectos académicos, segundo se dispón no artigo 44.1º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, e segundo se recolle no artigo 11.1º do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, e superar as probas de acceso correspondentes, reguladas na Lei orgánica 1/1990 e no Real decreto 754/1992 e desenvolvidas nos artigos 18º, 19º, 20º, 21º, 22º e 23º deste decreto.

2. Con carácter extraordinario, tamén poderá acceder a estas ensinanzas quen, sen estar en posesión do título de bacharel, e tendo vinte anos cumpridos, supere as probas de acceso ás que se refiren os artigos 19º, 20º, 21º, 22º e 23º do presente decreto,

logo de ter presentado a documentación acreditativa a que fai referencia o artigo 15.2º do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, e de que esta sexa avaliada positivamente polo tribunal correspondente.

Artigo 13º.-Da presentación e avaliación dos traballos e actividades alegados polos aspirantes sen titulación académica.

1. Os aspirantes que non posúan a titulación académica a que fai referencia o artigo 12º.1 deste decreto, poderán participar nas probas de acceso, cando teñan vinte anos cumpridos e sempre que demostren non só as aptitudes senón tamén as destrezas relativas a unha determinada especialidade, sendo capaces de executalas na práctica, segundo establece o artigo 11 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño.

2. Os aspirantes aos que se refire o punto anterior, segundo o establecido no artigo 15 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, deberán presentar, perante o tribunal correspondente, unha memoria xustificativa dos traballos e actividades realizadas.

3. A memoria xustificativa dos traballos e actividades a que se refire o punto anterior, incluirá, en todos os casos, a seguinte documentación, achegando nos casos en que sexa necesaria unha certificación oficial de ter realizado as actividades alegadas, emitida pola institución ou entidade competente:

a) Listaxe de actividades de formación realizadas e alegadas, cunha valoración en profundidade de cada unha delas.

b) Listaxe de actividades de formación impartidas e alegadas, indicando os aspectos teóricos, metodolóxicos e prácticos de cada unha delas e unha valoración en profundidade delas.

c) Listaxe de espectáculos escénicos en que participou o aspirante e que presenta, ao que xuntará unha memoria explicativa de cada un deles indicando o elenco e o equipo artístico, o número de funcións realizadas e un comentario amplo sobre o texto dramático e o seu autor, así como unha valoración do traballo do director ou directora e da orientación estética do espectáculo, ou do seu propio traballo se o aspirante fose o director ou directora. Tamén se incluirá unha valoración xeral de cada espectáculo e da contribución a este do aspirante.

d) Listaxe das compañías coas que traballou o aspirante, analizando os trazos máis significativos de cada unha delas, os seus traballos máis relevantes e a influencia que cada compañía tivo na formación do aspirante, así como a contribución do aspirante ao traballo de cada compañía.

e) Valoración global da actividade realizada e consideración dos seus aspectos máis relevantes.

4. Os aspirantes aos que se refire o punto anterior, deberán formalizar o impreso oficial e a documentación que se estableza para tal efecto e xuntar con

el tres exemplares da memoria xustificativa de traballos e actividades realizadas na especialidade a que opta. Os centros establecerán un prazo para a presentación de toda a documentación no primeiro trimestre do ano e cunha duración de vinte días hábiles.

5. O tribunal constituído para os efectos da valoración e avaliación dos aspirantes, segundo o establecido no artigo 15º deste decreto, cualificará a documentación presentada. Os aspirantes serán convocados, mediante calendario de comparecencias que se fará público unha semana despois de rematado o prazo de presentación de solicitudes, para a exposición oral e debate da memoria xustificativa.

6. O debate con cada aspirante terá como finalidade a valoración e a avaliación, integral e obxectiva, tanto da súa madurez intelectual, como da súa experiencia e da súa formación no eido das artes escénicas e nos da especialidade e opción a que opta. Os integrantes do tribunal poderán facer cantas preguntas estimen oportunas en relación cos contidos obrigatorios da memoria que se establecen no artigo 13º.3 deste decreto.

7. En cada caso, cada membro do tribunal deberá emitir un informe coa avaliación xustificada de cada aspirante, facendo constar a consideración de apto ou non apto, e a nota numérica correspondente.

8. A nota final do proceso de avaliación será a resultante da media aritmética das notas outorgadas por todos os membros do tribunal.

9. A finais do mes de maio, o tribunal correspondente fará pública unha listaxe coas cualificacións obtidas polos aspirantes, que terán carácter numérico, entre 1 e 10 puntos, considerándose superada a proba cando un aspirante obteña unha puntuación final igual ou superior a cinco puntos.

10. Os aspirantes considerados aptos deberán solicitar a correspondente certificación para poder realizar a inscrición nas probas, segundo o procedemento que se establece no artigo 14º deste decreto.

Artigo 14º.-Inscrición nas probas e prazos.

1. O prazo de inscrición para a realización das probas de acceso será de vinte días hábiles e realizarase entre os días 20 de maio e 20 de xuño, datas que cada centro adaptará en función do calendario de días hábiles e/ou festivos de cada ano natural, sen que esa adaptación supoña a diminución dos días hábiles de inscrición.

2. Os aspirantes presentarán a súa solicitude cubrindo o impreso oficial que se determine no proxecto educativo de centro e xuntando, ademais, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou do pasaporte.
- b) Xustificante acreditativo do pagamento das taxas.
- c) Fotocopia compulsada do título de bacharel, ou titulación equivalente para efectos académicos,

ou certificación oficial de ter superados todos os estudos conducentes a este e ter satisfeitos os dereitos para a súa expedición.

d) Ficha para a avaliación das probas, segundo o modelo que se determine no proxecto educativo de centro, debidamente cuberta.

3. Vinte e catro horas despois de rematado o prazo de inscrición, e sempre que coincida en día hábil, os centros farán públicas as listaxes de aspirantes, que terán un prazo de corenta e oito horas, en días hábiles, para presentar as reclamacións, cubrindo e entregando na Secretaría do centro o impreso oficial que se determine no proxecto educativo de centro. Vinte e catro horas despois de rematado o prazo de reclamacións, e sempre que sexa un día hábil, a comisión de probas de acceso fará pública a listaxe definitiva de aspirantes e a data e a hora para a realización da primeira proba.

Capítulo II

Da comisión das probas de acceso e dos tribunais que as xulgarán

Artigo 15º.-Da comisión de probas de acceso e dos tribunais para cada especialidade e opción.

1. Para a realización e coordinación das probas de acceso constituirase nos centros que impartan ensinanzas superiores de arte dramática, no mes de inicio das actividades lectivas de cada novo curso escolar, unha comisión de probas de acceso que estará integrada polos/as xefes/as de departamento, o xefe/a de estudos e o/a director/a, que actuará como presidente, actuando como secretario/a aquel integrante da comisión de menor idade.

2. En relación cos departamentos didácticos dos centros superiores que impartan ensinanzas de arte dramática e sen prexuízo de que se diten normas para o seu funcionamento, establécese que serán os de dirección de escena, interpretación, espazo escénico, movemento e danza, música e expresión oral, teoría e historia do teatro, teoría e historia da literatura dramática e dramaturxia.

3. Esta comisión constituirase como tribunal para valorar e avaliar a documentación presentada polos aspirantes a que se refire o artigo 13º e segundo o procedemento que no mesmo artigo se establece.

4. Para a constitución do tribunal ao que se refire o punto anterior, será suficiente un número de cinco integrantes, entre os que figurará, obrigatoriamente, o director/a do centro, que actuará como presidente, recaendo as funcións de secretario/a na persoa de menos idade.

5. A comisión de probas de acceso será a responsable de elaborar e facer pública toda a información relativa a elas, que incluírá necesariamente o calendario dos diferentes exercicios, as instrucións que se estimen pertinentes respecto dos seus contidos e estrutura e os materiais e parámetros dos exercicios obrigatorios, así como as indicacións

oportunas para que os alumnos poidan preparar os exercicios de libre elección.

6. A comisión de probas de acceso será a responsable de designar os tribunais que se deberán constituír para cada especialidade que, en calquera caso, serán presididos polo xefe/a do departamento directamente vinculado con cada especialidade.

7. Cada tribunal estará constituído por cinco profesores/as, actuando o/a xefe/a do departamento correspondente como presidente do tribunal, e como secretario/a o membro de menor idade. Na designación dos catro vogais teranse en conta as materias obrigatorias e complementarias da especialidade de que se trate en cada caso, podendo os departamentos facer unha proposta que será oída e considerada, sen carácter vinculante, pola comisión de probas de acceso.

8. A comisión de probas de acceso atenderá todas as reclamacións que se presenten nas diferentes probas e procesos de valoración e avaliación, inscrición, exames e selección dos aspirantes. Calquera das ditas reclamacións realizarase cubrindo e entregando na Secretaría do centro o impreso oficial que se determine no proxecto curricular de centro.

Capítulo III

Da estrutura, exercicios e desenvolvemento das probas

Artigo 16º.-Dos aspirantes e das probas que deben realizar.

1. Os aspirantes que estean en posesión do título de bacharel ou equivalente para efectos académicos, poderán acceder directamente á realización das probas de acceso, sempre que realicen o proceso de inscrición e acheguen a documentación xustificativa da titulación alegada.

2. Os aspirantes sen os requisitos académicos a que se refire o artigo 12º.2 deste decreto poderán cursar estudos de arte dramática, sempre que teñan vinte anos cumpridos e superen o proceso de selección específico, que se establece no artigo 13º deste decreto, segundo se establece no artigo 15 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño.

3. Segundo se establece no artigo 13º deste decreto, os aspirantes aos que se refire o punto anterior, unha vez superado o proceso de selección descrito nel, deberán realizar a súa inscrición para as probas de acceso entre os días 20 de maio e 20 de xuño, achegando a certificación de ter superado o dito proceso de selección.

Artigo 17º.-Da estrutura das probas.

1. Segundo establece o Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, as probas de acceso consistirán en dous exercicios.

2. O primeiro exercicio será común a todas as especialidades e estarán exentos del aqueles aspirantes que superasen o proceso de selección a que fai referencia o artigo 13º deste decreto.

3. O segundo exercicio referirase á especialidade pola que opte cada aspirante, e deberá ser realizado por todos os aspirantes, con independencia da titulación alegada para a inscrición nas probas.

4. Correspóndelles aos centros educativos, a través da comisión de probas de acceso, oídos os departamentos didácticos, o desenvolvemento da estrutura e dos contidos da proba de acceso que, en calquera caso, debe incluír, de forma obrigatoria, os exercicios que se establecen no presente decreto.

5. A presente normativa, xunto co desenvolvemento realizado por cada centro educativo, quedará reflectida no proxecto educativo de centro.

Artigo 18º.-Do primeiro exercicio.

1. O primeiro exercicio, común a todas as especialidades, consistirá nunha proba escrita, na que os aspirantes deberán realizar a análise dun fragmento dunha obra dramática.

2. Para cada ano e convocatoria, a comisión de probas de acceso fará pública unha listaxe de textos de lectura obrigatoria, de entre os que se escollerá o fragmento a que fai referencia o punto anterior. Esta listaxe farase pública tres meses antes do inicio das probas.

3. Este primeiro exercicio ten como obxecto avaliar a madurez e os coñecementos dos aspirantes por medio da comprensión de conceptos, a utilización da linguaxe, a capacidade para relacionar e sintetizar, así como a análise do texto dende a perspectiva do xénero teatral en que se insire, coas características máis importantes que definen o dito xénero, e dos aspectos históricos, sociais e artísticos relacionados coa obra.

3. Este exercicio será cualificado entre 0 e 10 puntos e terá carácter eliminatorio, sendo precisa para a súa superación unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Artigo 19º.-Do segundo exercicio.

1. O segundo exercicio estará referido á especialidade pola que se opta e só poderán acceder á súa realización aqueles aspirantes que teñan superado o primeiro exercicio, cunha nota igual ou superior a cinco puntos.

2. O segundo exercicio terá carácter práctico e, segundo cada especialidade, os seus obxectivos serán:

a) Interpretación: avaliar as aptitudes artísticas en relación coas capacidades vocais, corporais e interpretativas do aspirante.

b) Dirección de escena e dramaturxia: avaliar as aptitudes artísticas do aspirante respecto ao feito multidisciplinar, artístico e técnico da dirección escénica e da dramaturxia.

c) Escenografía: avaliar as aptitudes técnicas e artísticas dos aspirantes que permitan o posterior desenvolvemento das súas capacidades artísticas.

3. Este exercicio cualifícase entre 0 e 10 puntos, sendo precisa para a súa superación unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

4. Para garantir a máxima transparencia, rigor e obxectividade no proceso de selección, potenciar a igualdade de oportunidades e favorecer que os aspirantes poidan preparar as probas de acceso co tempo suficiente, a comisión de probas de acceso fará pública toda a información necesaria sobre elas e os textos, materiais e indicacións para a realización dos exercicios obrigatorios, así como recomendacións para os exercicios de libre elección, tres meses antes do inicio das probas.

5. Todas as probas que se establecen nos artigos 20º, 21º, 22º e 23º deste decreto teñen carácter público.

Artigo 20º.-Do segundo exercicio na especialidade de interpretación.

1. Na especialidade de interpretación, o exercicio específico persegue avaliar as aptitudes artísticas dos aspirantes respecto das súas aptitudes, actitudes e capacidades vocais, corporais e interpretativas.

2. O segundo exercicio constará de varias partes, que se organizarán do seguinte xeito:

a) Os aspirantes participarán, en grupos non superiores aos 20 integrantes, nunha sesión de traballo de hora e media de duración que será conducida por un integrante do tribunal, ou por un profesor do centro, sesión que será seguida polos membros do tribunal, que realizarán anotacións para a posterior avaliación dos aspirantes. Nesta sesión vanse traballar aptitudes como o ritmo, a elasticidade, a potencia, a coordinación, a participación ou o compromiso; capacidades como a orixinalidade e a espontaneidade na resposta e as disposicións para o xogo dramático, a improvisación ou a dramatización baseadas no movemento expresivo e no xogo de roles.

b) Posteriormente e de forma individual, os aspirantes presentarán dous traballos interpretativos obrigatorios baseados nos textos que cada ano e para cada convocatoria farán públicos os centros educativos que impartan ensinanzas de arte dramática, nos prazos establecidos. A continuación os aspirantes presentarán un traballo interpretativo baseado nun texto non dramático escollido polo aspirante e cunha extensión máxima de 25 liñas. Nestes tres traballos interpretativos, valorarase que os aspirantes mostren imaxinación e orixinalidade na proposta dramaturxica e na escolla dos elementos de significación máis relevantes no exercicio de interpretación, que deberá destacar polo seu rigor, precisión e coherencia e pola súa dimensión orgánica e integral.

c) Deseguida, os aspirantes deberán ler, en primeiro lugar, un texto proposto polo tribunal e que lles será entregado minutos antes da súa admisión diante do tribunal, tendo un tempo para preparalo, no que os aspirantes permanecerán illados nunha aula anexa. En segundo lugar, os aspirantes cantarán

unha canción da súa elección, podendo acompañarse dun instrumento musical. A finalidade desta parte consiste en avaliar as capacidades, habilidades e destrezas relacionadas coa expresión oral e musical.

d) Entrevista persoal, na que o tribunal tentará lograr a máxima información a respecto das actividades realizadas polos aspirantes, das súas expectativas e intereses en relación coa arte dramática e das súas capacidades para realizar con éxito os estudos e obter a máxima competencia profesional.

e) Para cada unha destas probas, o tribunal outorgará unha nota numérica, entre 0 e 10, que será a media aritmética das notas outorgadas por cada membro do tribunal.

3. A nota final obterase mediante o cálculo da media das notas parciais de cada exercicio, que se puntuarán entre 0 e 10. Os aspirantes superarán a proba sempre que a media sexa igual ou superior a cinco puntos.

Artigo 21º.-Do segundo exercicio na especialidade de dirección de escena e dramaturxia, opción de dirección de escena.

1. Na especialidade de dirección de escena e dramaturxia, opción de dirección de escena, a finalidade deste segundo exercicio consiste en avaliar as aptitudes artísticas respecto da creación teatral nunha perspectiva multidisciplinar, e nas dimensións artística, teórica, técnica e práctica.

2. O segundo exercicio constará das seguintes probas:

a) Un traballo escrito, que consistirá na análise dun fragmento dun texto dramático proposto polo tribunal, que consistirá nunha lectura escénica que conteña os elementos básicos para o deseño dun espectáculo. O texto será elixido de entre unha listaxe de textos posibles, feita pública para cada convocatoria pola comisión de probas de acceso nos prazos establecidos.

b) Un traballo escrito, que consistirá no comentario dun fragmento de texto, imaxe, fotografía ou outros materiais relacionados coa teoría e a praxe teatral.

c) Os dous exercicios serán explicados e/ou lidos diante do tribunal correspondente para que este realice as preguntas necesarias para realizar unha avaliación obxectiva e rigorosa dos aspirantes.

d) Entrevista persoal que se realizará despois de que os aspirantes teñan rematado a lectura das probas escritas, e nela o tribunal tentará lograr a máxima información ao respecto das actividades realizadas polos aspirantes, das súas expectativas e intereses en relación coa arte dramática e das súas capacidades para realizar con éxito os estudos e obter a máxima competencia profesional.

e) Para cada unha destas probas, o tribunal outorgará unha nota numérica, entre 0 e 10, que será a media aritmética das notas outorgadas por cada membro do tribunal.

3. A nota final obterase mediante o cálculo da media das notas parciais de cada exercicio, que se puntuarán entre 0 e 10. Os aspirantes superarán a proba sempre que a media sexa igual ou superior a cinco puntos.

Artigo 22º.-Da estrutura do segundo exercicio na especialidade de dirección de escena e dramaturxia, opción de dramaturxia.

1. Na especialidade de dirección de escena e dramaturxia, especialidade de dramaturxia, o segundo exercicio ten como finalidade avaliar os coñecementos, motivacións e capacidades dos aspirantes en relación coa escrita e adaptación de textos e cos estudos teatrais.

2. O segundo exercicio consistirá en:

a) Realización dunha proba escrita centrada na escrita dramática, e que consistirá no desenvolvemento dunha escena ou texto breve a partir dunha situación imaxinaria proposta polo tribunal.

b) Realización dunha proba escrita na que os aspirantes deberán comentar un fragmento dun texto proposto polo tribunal a partir dunha listaxe de lecturas obrigatorias, feita pública para cada convocatoria pola comisión de probas de acceso nos prazos establecidos.

c) Os dous exercicios anteriores serán explicados e/ou lidos diante do tribunal, que poderá realizar todo tipo de preguntas e propostas para lograr unha avaliación o máis completa e obxectiva posible de cada aspirante.

d) Entrevista persoal, que se realizará a continuación da lectura das probas escritas e que terá como obxectivo lograr a máxima información a respecto das actividades realizadas polos aspirantes, das súas expectativas e intereses en relación coa arte dramática e das súas capacidades para realizar con éxito os estudos e obter a máxima competencia profesional.

e) Para cada unha destas probas, o tribunal outorgará unha nota numérica, entre 0 e 10, que será a media aritmética das notas outorgadas por cada membro do tribunal.

3. A nota final obterase mediante o cálculo da media das notas parciais de cada exercicio, que se puntuarán entre 0 e 10. Os aspirantes superarán a proba sempre que a media sexa igual ou superior a cinco puntos.

Artigo 23º.-Do segundo exercicio na especialidade de escenografía.

1. O segundo exercicio na especialidade de escenografía terá unha dimensión práctica e aplicada, para avaliar así as aptitudes técnicas e artísticas dos aspirantes en relación coas diversas disciplinas que converxen na creación escenográfica como parte fundamental da creación teatral, sen esquecer a transcendencia de coñecementos de carácter teórico ou histórico relacionados coa historia do teatro, da arte ou das ideas.

2. O segundo exercicio consistirá nas seguintes probas:

a) Realización dun debuxo do natural no que se valorará, especialmente, a fidelidade na representación, a calidade e precisión do trazo, os materiais utilizados e a presentación final do traballo.

b) Realización dun proxecto escenográfico, partindo da escena dun texto proposto polo tribunal, e entre os incluídos na listaxe de lecturas obrigatorias feita pública para cada convocatoria pola comisión de probas de acceso. O proxecto incluírá o bosquejo xeral da escena, os elementos escénicos así como o vestiario dos personaxes participantes, así como indicacións relativas a iluminación, espazo escénico, maquinaria ou outros elementos escénicos. Esta proba será lida e defendida diante do tribunal, que poderá realizar as preguntas que se estimen en cada caso.

c) Realización dunha proba escrita, que consistirá no comentario dun fragmento ou dun texto relacionado coa escenografía ou coas disciplinas artísticas que conflúen na creación plástica escénica, e que se tirará dos textos recomendados para cada convocatoria pola comisión de probas de acceso. Esta proba será lida e defendida diante do tribunal, que poderá realizar as preguntas que se estimen en cada caso.

d) Entrevista persoal que se realizará despois de que os alumnos teñan presentado e defendido, diante do tribunal, as dúas últimas probas, descritas nas letras b) e c) deste artigo. Terá como obxectivo lograr a máxima información a respecto das actividades realizadas polos aspirantes, das súas expectativas e intereses en relación coa arte dramática e das súas capacidades para realizar con éxito os estudos e obter a máxima competencia profesional.

e) Para cada unha destas probas, o tribunal outorgará unha nota numérica, entre 0 e 10, que será a media aritmética das notas outorgadas por cada membro do tribunal.

3. A nota final obterase mediante o cálculo da media das notas parciais de cada exercicio, que se puntuarán entre 0 e 10. Os aspirantes superarán a proba sempre que a media sexa igual ou superior a cinco puntos.

Capítulo IV

Da cualificación final e da adxudicación de prazas

Artigo 24º.-Das cualificacións finais e da adxudicación de prazas.

1. Finalizadas as probas, cada tribunal fará pública a listaxe coa puntuación final, que se obterá realizando a media entre os dous exercicios, que sempre será igual ou superior a cinco puntos.

2. Aqueles aspirantes que o soliciten poderán recoller na Secretaría do centro unha certificación acreditativa de ter superado as probas, na que se indicará a nota final, a especialidade e opción e o ano de realización.

3. Atendidas as reclamacións oportunas, se as houberse, e para as que se establecerá un prazo de dous días, contados a partir do día de publicación dos resultados, a Secretaría dos centros publicará as listaxes de aspirantes admitidos para realizar a matrícula, en función das prazas dispoñibles, e os prazos de matrícula.

4. Cando un aspirante non se matricule no prazo establecido, sen presentar unha xustificación razoada, a Secretaría do centro procederá a asignar as prazas en función das listaxes de espera que se crearán para cada especialidade e opción, e que se utilizarán ata que se cubran todas as prazas ofertadas.

5. Finalizada a adxudicación de prazas aos aspirantes que realizaron a proba de acceso no centro, a Secretaría poderá adxudicar prazas vacantes, se as houberse, a aspirantes que teñan realizado e superado as probas de acceso noutro centro, sempre na mesma especialidade e opción, para o que deben achegar, xunto coa correspondente solicitude de admisión para matrícula, a correspondente certificación oficial.

TÍTULO IV

Da organización xeral dos estudos superiores de arte dramática

Capítulo I

Da organización dos estudos

Artigo 25º.-Da duración das ensinanzas.

1. Segundo o establecido no artigo 43.1º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, as ensinanzas de arte dramática constarán dun só grao de carácter superior e os estudos durarán catro cursos académicos completos.

2. Na Comunidade Autónoma de Galicia, os alumnos e alumnas de arte dramática, unha vez superados os catro cursos e como paso previo e necesario para a obtención do título, deberán presentar un proxecto de fin de carreira, regulado no título VI deste decreto.

3. Os tempos lectivos das diferentes especialidades e opcións, así como o das materias específicas que integran o currículo, aparecen descritos no anexo II deste decreto, e establécense en créditos, tendo cada crédito unha equivalencia de dez horas lectivas.

Artigo 26º.-Da matrícula.

1. O proceso de matrícula nos centros que imparten ensinanzas de arte dramático realizarase no mes de xullo, unha vez finalizadas as probas de acceso.

2. Para cada curso académico os alumnos e alumnas poderán formalizar a matrícula por materias, pero deberán matricularse obrigatoriamente naquelas materias específicas consideradas obrigatorias no seu curso de referencia, segundo se establece no artigo 8º.1 deste decreto. A listaxe de materias obrigatorias, para cada especialidade e opción, figura no anexo II deste decreto.

3. Os alumnos e alumnas poderán solicitar a anulación de matrícula mediante solicitude dirixida á dirección e presentada no rexistro da Secretaría do centro. A resolución comunicarase ás partes nun prazo non superior aos vinte días.

Artigo 27º.-Da promoción de curso.

1. Segundo o establecido no artigo 10 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, a cualificación negativa en tres ou máis materias impedirá a promoción ao curso seguinte.

2. O alumnos e alumnas que deban repetir curso por ter suspendido tres ou máis materias, só deberán cursar as materias non superadas.

3. O número de convocatorias por materia será de catro.

Artigo 28º.-Da permanencia nos centros.

1. Segundo o establecido no artigo 10 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, en ningún caso a permanencia do alumnado no centro pode superar os seis cursos académicos, coa única excepción da matrícula para presentarse á convocatoria extraordinaria adicional a que fai referencia o punto anterior.

2. A anulación de convocatorias prevista no artigo 27º.4 deste decreto deberá respectar, en todos os casos, os límites de permanencia no centro, que será de seis cursos académicos completos, mesmo para o alumnado que non teña consumidas as catro convocatorias.

3. Os alumnos e alumnas que nun mesmo ano académico non asistan habitualmente a clase, nin xustifiquen adecuadamente as súas ausencias, ou non comparezan aos exames, non poderán proseguir os estudos no centro onde estean matriculados nos cursos seguintes.

Capítulo II

Da organización das actividades lectivas

Artigo 29º.-Da organización do horario escolar.

1. O curso escolar constará de trinta semanas, cun total de cento cincuenta días lectivos.

2. Segundo o establecido no desenvolvemento curricular que figura no anexo II deste decreto, para cada curso escolar prevense un total de 900 horas lectivas, polo que os centros deberán organizar os seus horarios de xeito que cada día da semana se imparta un total de seis sesións de clase de unha hora de duración, sumando un total de trinta horas semanais.

3. O horario lectivo dos alumnos e alumnas organizarase en sesións de mañá, quedando as tardes á disposición do alumnado e do profesorado para a realización doutras actividades lectivas, como titorías e realización de traballos prácticos, e de actividades complementarias.

4. Durante o mes de xuño realizaranse os exames correspondentes á convocatoria ordinaria de xuño.

5. Durante os meses de xuño e xullo, programaranse as mostras de traballo de fin de curso e de fin de carreira, segundo o procedemento que se establecerá no proxecto curricular de centro.

6. A presentación dos proxectos de fin de carreira realizarase ao longo do curso escolar, en función da programación xeral do centro, agás no mes de agosto.

7. Entre os días 1 e 5 de setembro, realizaranse os exames correspondentes á convocatoria extraordinaria de setembro.

TÍTULO V

Da avaliación e do premio extraordinario en arte dramática

Capítulo I

Da avaliación

Artigo 30º.-Das convocatorias e do seu número.

1. Para cada curso escolar establécense dúas convocatorias para a valoración e avaliación do rendemento do alumnado: a ordinaria en xuño, entre os días 1 e 30, e a extraordinaria en setembro, entre os días 1 e 5. No caso de materias cuadrimestrais, as convocatorias para o primeiro cuadrimestre serán en febreiro e xuño, e para o segundo en xuño e setembro. As datas destas convocatorias serán fixadas pola xefatura de estudos dos centros, en función da programación xeral anual.

2. Cada alumno ou alumna dispón dun máximo de catro convocatorias por materia, podendo solicitar unha convocatoria extraordinaria adicional, segundo se establece no artigo 27º.5 deste decreto.

3. As convocatorias ás que se refire este artigo computaranse de forma sucesiva, entendéndose esgotadas no caso de que o alumno non se presente a exame, estando matriculado. Coa fin de non esgotalas, o alumnado poderá solicitar anulación de matrícula ou convocatoria segundo se establece no artigo 27º.4 deste decreto.

4. Cando se produza un traslado de expediente entre centros, o alumnado só disporá das convocatorias non consumidas no centro de procedencia. Para solicitar traslado de expediente, os alumnos e alumnas deberán cubrir e entregar da Secretaría do centro o impreso oficial correspondente.

Artigo 31º.-Da avaliación das ensinanzas e das cualificacións.

1. Segundo establece o artigo 9 do Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, a avaliación dos alumnos e alumnas realizarase en función do grao de consecución dos obxectivos recollidos nos artigos 5º, 6º e 7º deste decreto e segundo as directrices recollidas no proxecto curricular de centro.

2. A avaliación será continua e diferenciada para cada unha das materias específicas que integran o

currículo, e terá un carácter integrador en relación coas capacidades terminais e co futuro perfil profesional do alumnado.

3. Os departamentos didácticos establecerán os contidos mínimos de cada materia específica e os criterios de avaliación que serán presentados ao alumnado no inicio do curso escolar.

4. Na avaliación e cualificación das materias con contidos progresivos, que se concretan en varias materias específicas que se cursan en varios cursos, seguirase a mesma orde progresiva das materias, de forma que o alumnado non poderá ser avaliado dunha materia específica sen ter aprobada a mesma materia específica no curso anterior.

5. As materias específicas serán avaliadas e cualificadas nas convocatorias de xuño e setembro.

6. As cualificacións outorgadas terán carácter numérico, entre o 1 e o 10, e para superar unha materia a nota deberá ser igual ou superior a cinco. Para efectos de expediente académico, o 10 poderá computarse como matrícula de honra e poderanse outorgar un máximo dunha matrícula de honra por cada 10 alumnos e alumnas. As cualificacións numéricas de 10 e 9 computan como sobresaliente, 8 e 7 como notable, 6 e 5 como aprobado e do 1 ao 4 computan como suspenso.

7. As cualificacións consignaranse nas actas da convocatoria ordinaria de xuño e na convocatoria extraordinaria de setembro.

8. Os datos referentes ás cualificacións do alumnado reflectidos nas actas das convocatorias serán trasladados ao expediente persoal de cada alumno e alumna.

9. Unha vez recollidas en acta as cualificacións, estas seranlles entregadas ao alumnado e as actas quedarán depositadas na Secretaría, extremo que se fará público no taboleiro de información ao público da Secretaría.

Artigo 32º.-Das reclamacións das cualificacións.

1. Os alumnos e alumnas que non mostren conformidade coas cualificacións outorgadas poderán presentar a correspondente reclamación diante da dirección do centro, segundo modelo que se establece no proxecto educativo de centro, a través da Secretaría, nun prazo de corenta e oito horas contadas a partir do día de comunicación pública do depósito das actas en Secretaría. A dirección remitiralle a reclamación ao departamento, que emitirá un informe ratificando a nota ou modificándoa, debendo facelo nun prazo non superior aos tres días. Este informe seralle remitido á dirección, que o comunicará ás partes.

2. No caso de que o alumno ou alumna non estivese conforme co ditame do departamento, poderá solicitar da Inspección educativa a revisión da súa cualificación, nun prazo de corenta e oito horas contadas a partir do día de comunicación pública da decisión do departamento, e a Inspección poderá constituír,

se o estimase oportuno, un tribunal para a realización dunha nova proba con carácter excepcional. Neste caso os alumnos e alumnas tamén deberán cubrir o impreso oficial que se determine no proxecto educativo de centro.

Artigo 33º.-Da avaliación de convocatorias extraordinarias adicionais.

1. No caso dos alumnos e alumnas que soliciten unha convocatoria extraordinaria adicional, os departamentos didácticos designarán un tribunal para a súa realización e avaliación. O tribunal será designado polo director/a e como norma básica estará presidido polo xefe/a do departamento e integrado por catro vogais elixidos entre os membros do departamento ou doutros departamentos con docencia na especialidade cursada polo alumno, actuando o membro de menor idade como secretario.

Capítulo II

Do premio extraordinario en arte dramática

Artigo 34º.-Do premio extraordinario.

1. Todos os anos os centros educativos poderán conceder un premio extraordinario en arte dramática, por cada especialidade e opción, que se farán constar no documento oficial de acreditación do premio.

2. O citado premio seralles concedido aos alumnos e alumnas que obteñan unha nota media de sobresaliente nos catro cursos académicos e no proxecto de fin de carreira, e figurará no seu expediente.

TÍTULO VI

Do proxecto de fin de carreira

Da súa finalidade e proceso de presentación e avaliación

Artigo 35º.-Da súa finalidade.

1. Como complemento formativo dos seus estudos e como paso previo e necesario para a obtención do título superior en arte dramática, os alumnos e alumnas deberán presentar un proxecto de fin de carreira, que será avaliado por un tribunal constituído para tal efecto.

2. O proxecto de fin de carreira terá como finalidade avaliar a consecución das capacidades terminais establecidas para cada especialidade no Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, e a capacidade dos alumnos e alumnas para integralas nun proxecto de creación escénica ou de investigación teatral.

Artigo 36º.-Da súa presentación e realización.

1. Ao comezo de cada curso académico, por proposta do/a director/a e oídos os departamentos, constituirase nos centros educativos que imparten ensinanzas superiores de arte dramática un tribunal por cada especialidade e opción que teña autorización, composto por un presidente, que será o xefe ou xefa do departamento, e catro vogais, dos que dous serán da mesma opción e especialidade e os outros dous das restantes especialidades ou, se fose necesario, das restantes opcións da especialidade ou doutras especialidades.

2. Coa finalidade de unificar criterios e liñas de actuación e para a designación de tribunais específicos de avaliación de proxectos, constituirase cada ano unha xunta de presidentes de tribunal, presidida polo director/a do centro, actuando como secretario/a o membro de menor idade da xunta.

3. A cada tribunal corresponderalle a aceptación dos proxectos de fin de carreira da súa especialidade. O tribunal poderá aceptar ou rexeitar as propostas de proxectos presentados polos alumnos e alumnas a partir do interese, novidade ou viabilidade destes.

4. As propostas de proxecto fin de carreira, que se presentarán na Secretaría mediante impreso oficial que se estableza no proxecto educativo de centro, para o seu traslado ao departamento correspondente, deberán quedar fixadas na primeira quincena do mes de outubro de cada ano, unha vez que o alumno teña formalizada a matrícula en cuarto curso e sempre que non teña ningunha disciplina pendente de cursos anteriores.

5. O/A alumno/a elixirá un/unha profesor/a titor/a de entre os que compoñen o claustro de profesores e profesoras, sen ser necesaria a súa pertenza ao mesmo departamento no que se inscribe o proxecto de fin de carreira. Excepcionalmente, os alumnos e alumnas que realicen proxectos de investigación poderán elixir un/unha profesor/a titor/a doutra institución educativa sempre que teña o título de doutor/a, o propio proxecto xustifique tal medida e sexa emitido o informe favorable por parte do tribunal correspondente.

6. A dirección de proxectos de fin de carreira é obrigatoria para o profesorado e computará entre as horas complementarias e ningún profesor deberá asumir a dirección de máis de cinco proxectos por curso académico.

7. A dirección, consultados e/ou oídos os departamentos, poderá asignar a dirección de proxectos de fin de carreira en función das necesidades do alumnado.

8. O proxecto poderá desenvolverse no mesmo centro e, neste caso, facilitaráselle ao alumnado o acceso a espazos e á utilización dos recursos e materiais dispoñibles.

Artigo 37º.-Da súa defensa e avaliación.

1. Para a defensa e avaliación dos proxectos de fin de carreira deberá constituírse un tribunal integrado por cinco membros, dos que un actuará como presidente e outro como secretario/a.

2. Este tribunal será designado pola xunta de presidentes de tribunal de especialidade e opción a que fai referencia o artigo anterior.

3. Para a designación dos membros de cada tribunal, o/a alumno/a e o/a seu/súa titor/a poderán propoñer unha listaxe de ata cinco persoas.

4. A xunta de presidentes de tribunal designará cada tribunal específico, nomeando o seu presidente

e secretario/a e proponendo un tribunal suplente.

5. Os traballos realizados serán defendidos polo/a alumno/a perante o tribunal en sesión pública non superior a corenta e cinco minutos. Tanto nos traballos de carácter práctico, como no caso de traballos de investigación teórica, de proxectos de dramaturxia ou de escrita de textos dramáticos, o/a alumno/a deberá entregar na Secretaría da escola, con quince días de antelación á súa presentación pública, seis copias impresas coa memoria de traballo, cinco para seren entregadas aos membros do tribunal e unha sexta para quedar depositada no centro.

6. A avaliación definitiva do traballo realizado, que se reflectirá nunha acta específica, establececese a partir da media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do tribunal, entre 0 e 10 puntos. Será necesario obter unha puntuación de cinco ou máis puntos para aprobar o exercicio.

7. En todos os casos, para obter unha avaliación positiva, entendida esta como unha cualificación igual a cinco ou máis puntos, nunha escala de 0 a 10, cada aspirante deberá obter a avaliación positiva de tres integrantes do tribunal.

8. Cada ano, durante o mes de maio, publicarase o calendario para a presentación de traballos de fin de carreira.

9. Para presentar o traballo de fin de carreira será preciso ter superadas todas as disciplinas de cuarto curso.

10. Cando un/unha alumno/a non superase todas as disciplinas na convocatoria de xuño, deberá presentar o traballo de fin de carreira a partir do mes de setembro, en calquera caso unha vez que teña superadas as disciplinas pendentes.

11. Se un/unha alumno/a non obtivese unha cualificación positiva no seu proxecto de fin de carreira, poderá propoñer unha nova formulación do mesmo ou un novo tema para desenvolver na seguinte convocatoria.

Disposicións adicionais

Primeira.-Co fin de enriquecer a oferta de materias optativas, os centros educativos que impartan ensinanzas superiores de arte dramática poderán establecer acordos con outros centros superiores e facultades universitarias.

Segunda.-A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, como centro no que se implanten estudos superiores de arte dramática poderá establecer, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, acordos coas tres universidades galegas coa finalidade de organizar estudos específicos de terceiro ciclo.

Terceira.-A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, poderá organizar, en colaboración con outros centros de formación superior

e/ou universitaria, cursos de posgrao e másters e outras actividades de formación especializada no eido das artes escénicas.

Cuarta.-A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia poderá organizar todo tipo de actividades de formación e divulgación en torno ás artes escénicas, actividades que se concretarán no correspondente plan anual que deberá ser aprobado polo Consello Escolar da escola no inicio de cada curso escolar e enviado á Inspección Provincial para o seu coñecemento.

Disposicións transitorias

Primeira.-A implantación das ensinanzas reguladas no presente decreto será establecida progresivamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segunda.-Para o curso escolar 2005-2006 e segundo o establecido no artigo 33 do Real decreto 389/1992, do 15 de abril, implantaranse na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as especialidades de interpretación, opción textual e de dirección de escena e dramaturxia, opción de dirección de escena. Para o curso 2006-2007 implantarase a opción de dramaturxia, dentro da especialidade de dirección de escena e dramaturxia.

Terceira.-Con carácter excepcional, para o curso escolar 2005-2006, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais elaborará as probas de acceso para a primeira convocatoria, probas que se farán públicas cunha antelación non inferior aos dous meses.

Cuarta.-Para o curso escolar 2005-2006, e namentres non se estableza o novo calendario de organización do curso escolar, as probas de acceso ás que fai referencia o título IV do presente decreto realizaranse no mes de setembro, segundo calendario que establecerá no seu día a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que se fará público coa antelación suficiente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no ámbito das súas competencias, para ditar as normas, resolucións e instrucións que sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento do presente decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de xullo de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

No que se establece o cadro xeral de equivalencias entre as denominacións das materias básicas consideradas obrigatorias nas ensinanzas mínimas de arte dramática fixadas polo Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, e os seus tempos lectivos, e as denominacións das materias básicas consideradas neste decreto e os seus tempos lectivos.

Dirección de escena e dramaturxia.

Opción A. Dirección de escena.

Materias básicas Real decreto 754/1992	Tempos lectivos	Materias básicas deste decreto	Tempos lectivos
Dirección escénica	270	Dirección de escena	360
Dramaturxia	360	Dramaturxia	360
Teoría e práctica da interpretación	255	Teoría e práctica da interpretación	270
Literatura dramática	135	Teoría da literatura dramática	180
Historia das artes do espectáculo	90	Historia do teatro e das artes do espectáculo	150
Prácticas de dirección escénica e actoral	480	Prácticas de dirección de escena	330
		Prácticas de dirección actoral	180
Espazo escénico	120	Espazo escénico	180
Estética	90	Estética	90

Dirección de escena e dramaturxia.

Opción B. Dramaturxia e teoría teatral.

Materias básicas Real decreto 754/1992	Tempos lectivos	Materias básicas deste decreto	Tempos lectivos
Dirección escénica	270	Dirección de escena	270
Dramaturxia	360	Dramaturxia	360
Teoría da interpretación	135	Teoría e práctica da interpretación	150
Literatura dramática	225	Historia da literatura dramática	360
Historia das artes do espectáculo	90	Historia do teatro e das artes do espectáculo	90
Estética	90	Estética	90
Escrita dramática	405	Escrita dramática	420
Análise de textos	225	Teoría da literatura dramática	270

Escenografía.

Materias básicas Real decreto 754/1992	Tempos lectivos	Materias básicas deste decreto	Tempos lectivos
Espazo escénico	315	Espazo escénico	390
Caracterización e indumentaria	270	Caracterización	120
		Indumentaria	270
Iluminación	270	Iluminación	300
Técnicas gráficas	225	Técnicas de expresión gráfica	480
Técnicas escénicas	315	Tecnoloxía e técnicas escénicas	390
Dramaturxia	90	Dramaturxia	90
Estética	90	Estética	90
Historia da escenografía e das artes do espectáculo	90	Historia da escenografía e das artes do espectáculo	90
Teoría da percepción visual e perspectiva	135	Teoría da percepción visual e perspectiva	180

Interpretación.

Opción A. Itinerario textual.

Materias básicas Real decreto 754/1992	Tempos lectivos	Materias básicas deste decreto	Tempos lectivos
Interpretación	675	Teoría e práctica da interpretación	720
Movemento	315	Movemento expresivo	240
		Expresión corporal	210
Voz	405	Ortofonía	240
		Técnica vocal e expresión oral	240
Teoría teatral	180	Teoría do teatro	90
		Historia do teatro	90
Música	135	Música	150
Teoría e historia da arte	90	Teoría e historia da arte	90

Interpretación.

Opción B. Itinerario corporal.

Materias básicas Real decreto 754/1992	Tempos lectivos	Materias básicas deste decreto	Tempos lectivos
Interpretación	315	Teoría e práctica da interpretación	330
Movemento	225	Movemento expresivo	120
		Expresión corporal	240
Voz	225	Ortofonía	120
		Técnica vocal e expresión oral	120
Música	135	Música	180
Teoría teatral	90	Teoría teatral	90
Teoría e historia da arte	90	Teoría e historia da arte	90
Mimo	225	Mimo	300
Pantomima	315	Pantomima	330
Esgrima	90	Esgrima	90
Acrobacia	90	Acrobacia	120

Interpretación.

Opción C. Interpretación con obxectos.

Materias básicas Real decreto 754/1992	Tempos lectivos	Materias básicas deste decreto	Tempos lectivos
Interpretación	315	Teoría e práctica da interpretación	330
Movemento	225	Movemento expresivo	120
		Expresión corporal	120
Voz	315	Ortofonía	120
		Técnica vocal e expresión oral	240
Música	135	Música	180
Teoría teatral	90	Teoría teatral	90
Teoría e historia da arte	90	Teoría e historia da arte	90
Interpretación con obxectos	270	Interpretación con obxectos	360
Técnicas e materiais	225	Técnicas e materiais no teatro de obxectos	330
Técnica escénica	135	Técnica escénica aplicada ao teatro de obxectos	180

Interpretación.

Opción D. Interpretación no musical.

Materias básicas Real decreto 754/1992	Tempos lectivos	Materias básicas deste decreto	Tempos lectivos
Interpretación	315	Teoría e práctica da interpretación	450

Materias básicas Real decreto 754/1992	Tempos lectivos	Materias básicas deste decreto	Tempos lectivos
Movemento	225	Movemento expresivo	120
		Expresión corporal	240
Voz	225	Ortografía	120
		Técnica vocal e expresión oral	240
Música	135	Música	180
Teoría teatral	135	Teoría teatral	90
		Historia do teatro	90
Teoría e historia da arte	90	Teoría e historia da arte	90
Canto	315	Canto	360
Interpretación no musical	180	Interpretación no musical	240
Danza	180	Danza	300

ANEXO II

No que se recollen as materias que integran o currículo dos estudos superiores de arte dramática, a súa correspondencia coas materias básicas que se establecen no anexo I deste decreto, os seus tempos lectivos, a distribución horaria e os tempos lectivos das materias específicas a que dan lugar e a súa consideración como materias prácticas ou materias teórico-prácticas.

Dirección de escena e dramaturxia.

Opción A. Dirección de escena.

Materias	Tempos lectivos Horas	Correspondencia coas materias básicas
Dirección de escena	360	Dirección de escena
Dramaturxia	360	Dramaturxia
Teoría e práctica da interpretación	270	Teoría e práctica da interpretación
Teoría da literatura dramática	180	Teoría da literatura dramática
Historia do teatro e das artes do espectáculo	150	Historia do teatro e das artes do espectáculo
Estética	90	Estética
Prácticas de dirección de escena	330	Prácticas de dirección de escena
Prácticas de dirección actoral	180	Prácticas de dirección actoral
Espazo escénico	180	Espazo escénico
Historia da literatura dramática	180	Historia da literatura dramática
Música	60	Música
Historia da arte	120	Teoría e historia da arte
Teoría do teatro	90	Teoría teatral
Semioloxía do teatro	60	Teoría teatral
Socioloxía do teatro	60	Teoría teatral
Indumentaria	60	Indumentaria
Caracterización	60	Caracterización
Iluminación	90	Iluminación
Espazo sonoro	90	Dirección de escena
Produción	90	Dirección de escena
Disciplinas optativas	540	

Catálogo de materias e materias específicas obrigatorias e complementarias da especialidade en dirección de escena e dramaturxia, opción de dirección de escena, descritores destas e consideración de materias teóricas e teórico-prácticas.

Obrigatorias

Dirección de escena: estudo da concepción, desenvolvemento e evolución do espectáculo, así como das diferentes metodoloxías da posta en escena.

Introdución á dirección de escena (teórico-práctica).

Teoría e práctica da posta en escena (teórico-práctica).

Historia da posta en escena (teórico-práctica).

Dirección de actores I (práctica).

Dirección de actores II (práctica).

Dramaturxia: metodoloxía e análise das diferentes linguaxes expresivas que configuran o feito escénico. Estudo dos diferentes procesos de análise dos textos dramáticos e de adaptación e dramatización doutros textos, desde a perspectiva da realización e da produción teatrais.

Dramaturxia I (práctica).

Dramaturxia II (práctica).

Dramaturxia III (práctica).

Dramaturxia IV (práctica).

Teoría e práctica da interpretación: estudo teórico e práctico da técnica actoral e dos diferentes métodos de creación e construción do personaxe, comprendendo os principios de acción e conflito dramático.

Prácticas de interpretación (práctica).

Teoría e práctica da interpretación (práctica).

Teoría da literatura dramática: estudo teórico, análise e interpretación dos elementos formais, estilísticos, estruturais e contextuais que definen o texto dramático como tal.

Análise de textos (práctica).

Historia do teatro e das artes do espectáculo: estudo das raíces e do desenvolvemento teórico e estético das diferentes formas do teatro e das outras artes do espectáculo a través da historia.

Historia das artes do espectáculo (teórico-práctica).

Historia do teatro (teórico-práctica).

Estética: concepto, tipoloxía e teorías da expresión artística. Estudo da historia do pensamento e das ideas estéticas aplicado ás artes escénicas.

Estética teatral (teórico-práctica).

Prácticas de dirección de escena: aplicación artística das diferentes disciplinas da posta en escena mediante o proceso completo de concepción, planificación, produción, ensaio e montaxe dun espectáculo.

Prácticas de dirección de escena I (práctica).

Prácticas de dirección de escena II (práctica).

Escenificación I (práctica).

Escenificación II (práctica).

Prácticas de dirección actoral: estudo dos procesos de planificación e resolución de situacións dramáticas e condución da interpretación dos actores.

Prácticas de dirección de actores I (práctica).

Prácticas de dirección de actores II (práctica).

Espazo escénico: estudo das leis do espazo aplicadas á representación teatral. Organización e utilización do espazo visual. Narrativa do espacial. Creación do espazo dramático. Metodoloxía do deseño do espazo escénico.

Espazo escénico I (teórico-práctica).

Espazo escénico II (teórico-práctica).

Complementarias

Historia da literatura dramática: estudo e interpretación da obra dramática, considerando o momento e o contexto en que foi creada e revisando os diferentes xéneros dramáticos e o seu percorrido histórico.

Literatura dramática I (teórico-práctica).

Literatura dramática II (teórico-práctica).

Música: estudo dos parámetros que conforman a linguaxe musical encamiñados á comprensión, interpretación e creación. Iniciación aos códigos de escritura e lectura musical.

Música (práctica).

Teoría teatral: estudo dos diferentes sistemas expresivos que configuran a linguaxe teatral, así como dos elementos que caracterizan e definen o espectáculo teatral nas súas diferentes modalidades. Estudo das diferentes teorías que marcaron a evolución do teatro dende Aristóteles ata os nosos días.

Teoría teatral (teórico-práctica).

Historia da arte: iniciación teórico-práctica ao estudo das formas artísticas. Percepción, análise e interpretación dos elementos significativos e expresivos da obra.

Historia da arte I (teórica).

Historia da arte II (teórica).

Semioloxía do teatro: estudo da teoría do signo aplicada ao feito escénico, así como dos sistemas significativos presentes no texto e na representación.

Semioloxía do teatro (teórico-práctica).

Socioloxía do teatro: estudo dos conceptos básicos da historia social e a súa proxección no feito teatral.

Socioloxía do teatro (teórico-práctica).

Indumentaria: estudo teórico-práctico dos elementos externos que contribúen á creación dun personaxe.

Indumentaria (teórico-práctica).

Caracterización: estudo teórico-práctico das distintas técnicas, elementos e recursos que contribúen á modificación das características físicas do actor no proceso de creación dun personaxe.

Caracterización (teórico-práctica).

Iluminación: estudo teórico-práctico da natureza da luz e da linguaxe lumínica, da súa función expresiva e do seu significado dramático.

Iluminación (práctica).

Espazo sonoro: estudo teórico-práctico da natureza do son e da linguaxe sonora, da súa función expresiva e do seu significado dramático.

Espazo sonoro (práctica).

Produción: estudo teórico-práctico dos mecanismos empresariais que interveñen na creación e organización dun espectáculo, así como dos elementos que posibilitan a materialización do feito escénico.

Produción (práctica).

Optativas

Estableceranse no proxecto curricular de centro a partir da oferta incluída no anexo III e segundo as disponibilidades de profesorado.

Especialidade: dirección de escena e dramaturxia.

Opción A. Dirección de escena.

Curso: primeiro.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Teoría teatral	Teoría teatral	3	9
Análise de textos	Teoría da literatura dramática	6	18
Historia da posta en escena	Dirección de escena	2	6
Teoría e práctica da interpretación	Teoría e práctica da interpretación	6	18
Introdución á dirección de escena	Dirección de escena	3	9
Espazo escénico I	Espazo escénico	3	9
Dramaturxia I	Dramaturxia	2	6
Estética teatral	Estética	3	9
Optativas		2	6
TOTAL		30	90

Especialidade: dirección de escena e dramaturxia.

Opción A. Dirección de escena.

Curso: segundo.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Teoría e práctica da posta en escena	Dirección de escena	3	9
Prácticas de dirección de escena I	Prácticas de dirección de escena	4	12
Literatura dramática I	Historia da literatura dramática	3	9
Dramaturxia II	Dramaturxia	2	6
Espazo escénico II	Espazo escénico	3	9
Prácticas da interpretación	Teoría e práctica da interpretación	3	9
Historia das artes do espectáculo	Historia do teatro e das artes do espectáculo	2	6
Semioloxía do teatro	Teoría teatral	2	6
Historia da arte I	Historia da arte	2	6
Música	Música	2	6
Optativas		4	12
TOTAL		30	90

Especialidade: dirección de escena e dramaturxia.

Opción A. Dirección de escena.

Curso: terceiro.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Dirección de actores I	Dirección de escena	2	6
Escenificación I	Prácticas de dirección de escena	2	6
Prácticas de dirección de escena II	Prácticas de dirección de escena	3	9
Prácticas de dirección de actores I	Prácticas de dirección actoral	3	9
Dramaturxia III	Dramaturxia	4	12
Literatura dramática II	Historia da literatura dramática	3	9
Historia da arte II	Teoría e historia da arte	2	6
Indumentaria	Indumentaria	2	6
Socioloxía do teatro	Teoría teatral	2	6
Historia do teatro	Historia do teatro e das artes do espectáculo	3	9
Optativas		4	12
TOTAL		30	90

Especialidade: dirección de escena e dramaturxia.

Opción A. Dirección de escena.

Curso: cuarto.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Dirección de actores II	Dirección de escena	2	6
Escenificación II	Prácticas de dirección de escena	2	6
Prácticas de dirección de actores II	Prácticas de dirección actoral	3	9
Dramaturxia IV	Dramaturxia	4	12
Espazo sonoro	Dirección de escena	3	9
Produción	Dirección de escena	3	9
Iluminación	Iluminación	3	9
Caracterización	Caracterización	2	6
Optativas		8	24
TOTAL		30	90

Dirección de escena e dramaturxia.

Opción B. Dramaturxia e teoría teatral.

Materias	Tempos lectivos Horas	Correspondencia coas materias mínimas
Dirección de escena	270	Dirección de escena
Dramaturxia	360	Dramaturxia
Teoría e práctica da interpretación	150	Teoría e práctica da interpretación
Historia da literatura dramática	360	Historia da literatura dramática
Historia das artes do espectáculo	90	Historia do teatro e das artes do espectáculo
Estética	90	Estética
Escrita dramática	420	Escrita dramática
Teoría da literatura dramática	270	Teoría da literatura dramática
Historia da arte	60	Teoría e historia da arte
Música	90	Música
Teoría teatral	90	Teoría teatral
Semioloxía do teatro	90	Teoría teatral
Socioloxía do teatro	90	Teoría teatral
Metodoloxía da investigación	90	Teoría teatral

Materias	Tempos lectivos Horas	Correspondencia coas materias mínimas
Antropoloxía teatral	90	Teoría teatral
Teoría e práctica da crítica teatral	180	Teoría teatral
Espazo escénico	90	Dirección de escena
Historia do teatro	180	Historia do teatro e das artes do espectáculo
Disciplinas optativas	540	

Catálogo de materias e materias específicas obrigatorias e complementarias da especialidade en dirección de escena e dramaturxia, opción de dirección de escena, descritores destas e consideración de materias teóricas e teórico-prácticas.

Obrigatorias

Dirección de escena: estudo da concepción, desenvolvemento e evolución do espectáculo, así como das diferentes metodoloxías da posta en escena.

Teoría e práctica da posta en escena (práctica).

Dirección de actores e escenificación (práctica).

Dramaturxia: metodoloxía e análise das diferentes linguaxes expresivas que configuran o feito escénico. Estudo dos diferentes procesos de análise dos textos dramáticos e de adaptación e dramatización doutros textos desde a perspectiva da realización e da produción teatrais.

Dramaturxia I (práctica).

Dramaturxia II (práctica).

Dramaturxia III (práctica).

Teoría e práctica da interpretación: estudo teórico e práctico da técnica actoral e dos diferentes métodos de creación e construción do personaxe, comprendendo os principios de acción e conflito dramático.

Teoría e práctica da interpretación (práctica).

Historia da literatura dramática: estudo e interpretación da obra dramática considerando o momento e o contexto en que foi creada e revisando os diferentes xéneros dramáticos e o seu percorrido histórico.

Literatura dramática I (teórico-práctica).

Literatura dramática II (teórico-práctica).

Literatura dramática III (teórico-práctica).

Historia das artes do espectáculo: estudo das raíces e do desenvolvemento teórico e estético das diferentes formas do teatro e das outras artes do espectáculo a través da historia.

Historia das artes do espectáculo (teórico-práctica).

Etética: concepto, tipoloxía e teorías da expresión artística. Estudo da historia do pensamento e das ideas estéticas aplicado ás artes escénicas.

Estética teatral (teórico-práctica).

Escrita dramática: estudo teórico-práctico dos diferentes modelos, técnicas e recursos de creación de textos dramáticos e de dramatización doutros textos.